

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3034 *Real decreto 137/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen criterios para a emisión da comunicación aos interesados prevista no artigo 42.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Desde a publicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en diante Lei 30/1992, do 26 de novembro, fóronse aprobando numerosas normas de diferente rango co obxecto de mellorar e facilitar as relacións entre os cidadáns e a Administración, que reforzan os principios de transparencia, eficacia, eficiencia e servizo ao cidadán.

Xunto co gran fito que supuxo no noso ordenamento xurídico a aprobación desta lei e da normativa ditada ao seu abeiro, débense destacar igualmente outras normas de gran transcendencia, como a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que recoñece o dereito dos cidadáns a se relacionaren coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos seus dereitos, ou a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Así mesmo, tívose en conta o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos do 7 de maio de 2009, sobre a adecuación da normativa regulamentaria á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Este real decreto deroga expresamente a Orde do 14 de abril de 1999 pola que se establecen criterios para a emisión da comunicación aos interesados prevista no artigo 42.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ao conter o indicado desenvolvemento legal e incorporar, adecuándoos ás normas legais referidas, os preceptos contidos na referida orde.

Dentro do obxectivo xeral de mellora das relacións entre o cidadán e a Administración, este real decreto garante no ámbito da Administración xeral do Estado e dentro da materia regulada polo real decreto, a actuación uniforme de todos os órganos na súa relación cos cidadáns e axuda a evitar cargas administrativas innecesarias.

Na súa virtude, por proposta da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Emisión da comunicación.*

1. Na Administración xeral do Estado, a comunicación ao interesado prevista no artigo 42, número 4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, emitiráa a unidade que determine, de entre as que teña adscritas, o órgano administrativo competente para a instrución do procedemento de que se trate.

2. Nos organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, a emisión de comunicación axustarase, se é o caso, ao criterio establecido no número anterior.

3. A emisión da comunicación non será necesaria nos seguintes casos:

a) Cando os interesados formulen solicitudes cuxa única petición sexa a suspensión da execución dun acto impugnado en vía de recurso.

b) Cando, dentro do prazo establecido para emitir a comunicación a que se refire este real decreto, se dite e se notifique a resolución expresa correspondente que poña fin ao procedemento.

4. Nos procedementos iniciados a través do portelo único a que fai referencia o artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a comunicación deberase realizar nun prazo máximo de cinco días.

Artigo 2. *Adianto da solicitude.*

Cando a solicitude de iniciación do procedemento foi presentada nunha oficina de rexistro do órgano competente para a súa tramitación cuxa distancia xeográfica da unidade a que corresponda emitir a comunicación ou outras circunstancias similares dificulten o cumprimento do prazo de dez días para emitir aquelas, a oficina de rexistro adiantará o contido da solicitude e a súa data de entrada á mencionada unidade, utilizando os medios electrónicos ao seu alcance, sen prexuízo de que con posterioridade se remita, polo medio habitual e na súa integridade, a documentación presentada polo interesado.

Artigo 3. *Contido da comunicación.*

1. A comunicación dirixida ao interesado terá, como mínimo, o seguinte contido:

a) Denominación e obxecto do procedemento.

b) Clave ou número que identifique o expediente.

c) Especificación do prazo máximo para resolver e notificar a resolución e da data en que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, a partir da cal se inicia o cómputo do prazo.

d) Efectos que pode producir o silencio administrativo, se transcorre o prazo sinalado sen que se ditase e notificase a resolución correspondente.

e) Medios que se poderán utilizar para obter información sobre o estado de tramitación do procedemento, incluíndo, se é o caso, teléfono, enderezo postal, fax, correo electrónico, sede electrónica, páxina web e calquera outro medio electrónico.

2. A comunicación remitirase ao lugar que o interesado indicou na súa solicitude para os efectos de recibir notificacións e, preferentemente, polo medio sinalado nela.

Artigo 4. *Procedementos iniciados de oficio.*

1. Nos procedementos iniciados de oficio a notificación ou publicación do acordo de iniciación incorporará, ademais do texto do acordo, o seguinte contido:

a) Denominación e obxecto do procedemento.

b) Clave ou número que identifique o expediente.

c) Especificación do prazo máximo para resolver e notificar a resolución e a data a partir da cal se inicia o cómputo do prazo.

d) Medios que se poderán utilizar para obter información sobre o estado de tramitación do procedemento, incluíndo, se é o caso, teléfono, enderezo postal, fax, correo electrónico, sede electrónica, páxina web e calquera outro medio electrónico.

2. Nos supostos a que se refire o artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a

notificación ou publicación prevista neste número fará mención dos efectos desestimatorios do silencio administrativo.

Artigo 5. *Disposicións complementarias.*

1. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, os departamentos ministeriais e, se é o caso, os organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado adoptarán as disposicións necesarias para cumprir o establecido no artigo 42, número 4, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En particular, e mediante instrucións e ordes de servizo, poderán indicar as unidades a que en cada caso corresponda a emisión da comunicación e os medios a través dos cales se debe efectuar o adianto da solicitude a que se refire o artigo 2 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde do 14 de abril de 1999, pola que se establecen criterios para a emisión da comunicación aos interesados prevista no artigo 42.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango sexan contrarias ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de febreiro de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ